

Ánalise da mocidade de Ribeira



Actitudes, intencións e consumo de drogas

Índice

	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos	3
3. Metodoloxía	4
4. Resultados	5
– Escala de actitudes ás drogas legais	5
– Escala de intencións de consumo	7
– Escala de consumo de drogas	9
5. Conclusións	16
6. Anexos	18

1. Introducción

A Asociación Renacer leva máis de 20 anos desenvolvendo diversos programas nos ámbitos comunitario, familiar e educativo, dirixidos á promoción de hábitos saudables, especialmente encamiñados á prevención do drogodependencias e o VIH-SIDA.

Debido ó cambio nos patróns de consumo (diminución da idade e inicio, e o aumento das cantidades consumidas, sobre todo, entre a poboación mais nova), consideramos necesario realizar unha análise da situación en canto as tendencias, actitudes e intencións futuras de consumo dos mozos e mozas de Ribeira; para orientar o desenvolvemento das intervencións que facemos no eido da prevención das drogodependencias.

2. Obxectivos

O obxectivo xeral é obter información para deseñar e avaliar os programas dirixidos a previr o consumo e os problemas derivados do mesmo, sobre todo dende o ámbito educativo. Esta información complementa outras existentes de ámbito nacional e permite un deseño e avaliación máis específica das intervencións que realizamos na nosa comunidade.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a prevalencia de consumo das distintas drogas psicoactivas.
- Coñecer o nivel de risco atribuído e aceptabilidade ó consumo de drogas.
- Coñecer os patróns de consumo, niveis de experimentación, frecuencias de consumo e cantidades consumidas.
- Coñecer as intencións de consumo de sustancias a curto e medio prazo.
- Estimar as crenzas, coñecementos, percepcións e actitudes ante determinados aspectos relacionados co consumo e abuso de drogas.
- Estimar o grado de exposición e receptividade do alumnado a determinadas intervencións.

3. Metodoloxía

A recollida de datos levouse a cabo entre os rapaces/as mediante a administración dun cuestionario anónimo que cumprimentaron nos centros escolares. Para elaboración do mesmo tomouse como referencia o “Manual de instrumentos para avaliación do programas incluídos na carteira de servizos en materia de drogodependencias” editado pola Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia¹. Do citado documento seleccionáronse as seguintes escalas (ver anexos):

- **Escala de actitudes ás drogas legais:** cuestionario con escala tipo Likert con ítems sobre valoracións e crenzas en canto ó consumo de tabaco e alcohol, atribucións e riscos asociados ó consumo e marco xurídico.
- **Escala de Intencións de consumo:** cuestionario con escala tipo Likert con ítems sobre intencións futuras (ano próximo) de consumo de drogas, tanto legais coma ilegais.
- **Escala de consumo de drogas:** cuestionarios multiresposta con escalas nominais, de intervalo e numéricas para coñecer os hábitos de consumo de drogas, niveis de experimentación cas diferentes sustancias, frecuencia de consumo e cantidades consumidas.

O estudo realizouse nos centros de ensino do Concello de Ribeira que imparten educación secundaria: IES Nº 1, Coroso e Leliadoura e os CPR Galaxia, Baión, Sagrado Corazón e Milagrosa, nos cursos onde se levan a cabo os programas de prevención de drogodependencias.

Os cuestionarios administráronse o alumnado de 2º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e Ciclos Medios. Participaron un total de 570 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito: 242 alumnos/as de 2º de ESO, 233 de 4º de ESO e 94 de CM dos sete centros de ensino, que coinciden con tres tramos de idade: 13-14, 15-16 e 17-18 anos.

O período de recollida de información foi o ano 2012.



¹ Sánchez Pardo, Lorenzo. Instrumentos para a avaliación de programas. Servizo de Drogodependencias e Trastornos Aditivos da Xunta de Galicia.


4. Resultados

A continuación preséntanse os resultados das tres escalas por separado. Os datos que se indican reflicten as porcentaxes en cada un dos ítems das mesmas nos tres tramos de idade seguidas dunha breve reflexión das mesmas.

No seguinte apartado (conclusións) relaciónanse os resultados entre as tres escalas para dar imaxe máis completa da poboación de estudo.

Escala de actitudes ás drogas legais





En relación ó **tabaco** as actitudes que mostra o alumnado son negativas cara o consumo do mesmo, xa que as porcentaxes máis altas atópanse nas valoracións de “desacordo” en relación ós ítems de valoración “positiva” (1 e 3). O que si que se aprecia é que as porcentaxes diminúen conforme o tramo de idade aumenta.


No ítem que se refire a posibilidade de incrementar os espazos públicos onde non se permita fumar os resultados non son tan claros, xa que as porcentaxes nas diferentes valoracións son similares tanto nos rapaces/as de 2º como nos de 4º da ESO. Sen embargo, nos CM case a metade mostra un total desacordo.

En canto ó **alcohol** só unha pequena porcentaxe do alumnado mostra o seu acordo ca afirmación de que beber nos fai máis interesantes para os/as demais. Sen embargo, na asociación de consumo con diversión nos CM atopase unha tendencia favorable, que non se percibe en 2º e 4º da ESO.


Respecto ó endurecemento das leis que regulan o seu consumo os/as que presentan un maior desacordo son de 4º de ESO e CM.


Escala de intencións de consumo

2º ESO



4º ESO






En relación ás intencións de consumo no próximo ano das distintas sustancias os datos son similares nos tres tramos de idade e na maioría das sustancias, xa que non ven “probable” o consumo das mesmas.

A excepción atópase nas drogas legais, tabaco e alcohol. En relación ó tabaco vemos unha maior intención de consumo, respecto a outras drogas, que aumenta coa idade e destaca o caso do alcohol xa que en torno a un 80% nos CM, un 58% en 4º da ESO e un 34% en 2º de ESO presentan intencións de consumo nun futuro inmediato.

Por último mencionar que no caso do cannabis aínda que existe unha tendencia de non consumo no próximo ano, non é tan marcada coma no resto das drogas ilegais (anfetaminas, alucinógenos, crack, cocaína, éxtase e tranquilizantes), sobre todo no alumnado de máis idade.

Escala de consumo de drogas


Tabaco



En relación ó **consumo de tabaco** a maioría do alumnado de 2º e 4º de ESO manifesta que nunca fumou, aínda que comparativamente a porcentaxe dos/as que fuman é maior en 4º de ESO. Nos CM non se atopan tanta diferenza entre os/as que manifestan consumir (36%) con respecto os/as que nunca probaron a sustancia (25%).




Dos/as que manifestan fumar na actualidade a cantidade consumida ronda 1 a 10 cigarros/día nos tres tramos de idade, aínda que conforme avanza a idade, sobre todo en CM, as porcentaxes son maiores no tramo de 6 a 10 cigarros ó día.




Segundo co alumnado que manifesta fumar na actualidade, unha alta porcentaxe declara que tentaron deixar ó hábito tabáquico, sobre todo nas idades máis novas. Nos CM a maioría plantexouse deixalo pero non o intentou, aínda que hai unha porcentaxe importante que si o fixo.

Alcohol



En relación ó consumo de alcohol a maioría do alumnado manifesta consumilo algunha vez na súa vida, aínda que se atopan diferenzas aumentando a tendencia de consumo coa idade. En 2º da ESO máis da metade manifesta non consumilo (58%), aínda que a porcentaxe que si o consumiu algunha vez na vida é bastante alta. En 4º da ESO a porcentaxe dos que consumiron aumenta ó 75% e nos CM ata o 93%.



Dos/as que manifestaron consumir algunha vez alcohol, a maioría manifesta telo consumido nos últimos 30 días. O que chama a atención é que, o contrario que o que se observou ata agora, as porcentaxes máis altas de consumo atópanse nos máis novos/as.


Bebida	Unidades	2º ESO	4º ESO	CM
Cervexa	1	9,37	13,16	9,33
	2-5	14,58	24,56	22,67
	6-10	5,21	9,64	8
	> 10	2,08	8,77	33,33
Viño	1	13,25	13,16	13,33
	2-5	7,29	13,16	20
	6-10	4,16	11,40	4
	> 10	2,08	3,51	2,67
Copas/chupitos	1	16,67	9,65	6,67
	2-5	14,58	35,96	14,67
	6-10	6,25	27,19	17,33
	> 10	14,58	35,96	50,67

**Dos/as que manifestaron consumir nos últimos 30 días:
cantidade e tipo de bebida**

Dos/as que manifestaron consumir alcohol algunha vez, nos últimos 30 días o tipo de bebida máis consumida en todos os tramos de idade son as “copas/chupitos”, é dicir, bebidas destiladas e cantidade consumida (expresada en unidades de bebida) aumenta coa idade, atopándose os porcentaxes máis altos nos CM.

CERVEXA								
		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
2º ESO	1-5	3,12	4,17	1,04	4,17	15,62	15,62	9,37
	6-10	-	-	-	-	3,12	2,08	1,04
	> 10	-	-	-	-	-	1,04	-
4º ESO	1-5	9,65	1,75	3,51	2,63	23,68	17,54	6,14
	6-10	-	-	-	-	0,88	3,51	-
	> 10	-	-	-	-	0,88	0,88	-
CM	1-5	8	5,33	6,67	8	24	25,33	16
	6-10	-	-	-	-	4	6,67	1,33
	> 10	-	-	-	-	-	1,33	-
VIÑO								
		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
2º ESO	1-5	2,08	-	-	-	6,25	12,5	5,21
	6-10	-	-	-	-	1,04	-	1,04
	> 10	-	-	-	-	1,04	1,04	0
4º ESO	1-5	2,63	-	0,88	1,75	10,53	4,38	0,88
	6-10	-	-	-	-	0,88	-	-
	> 10	-	-	-	-	-	-	-
CM	1-5	4	8	5,33	4	9,33	12	9,33
	6-10	-	-	-	-	-	1,33	-
	> 10	-	-	-	-	-	-	-
COPAS/CHUPITOS								
		Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
2º ESO	1-5	1,04	-	1,04	-	20,83	16,67	8,33
	6-10	0	-	-	-	6,25	6,25	-
	> 10	1,04	-	-	-	1,04	3,12	-
4º ESO	1-5	1,75	-	1,75	-	28,95	22,81	2,63
	6-10	-	-	-	-	15,79	7,89	-
	> 10	-	-	-	-	9,65	8,77	-
CM	1-5	4	1,33	4	4	10,67	18,67	4
	6-10	-	-	-	-	10,67	22,67	-
	> 10	-	-	-	-	1,33	2,67	-
Consumo manifestado na última semana, segundo tipo de bebida, cantidade e día								

En canto ó **consumo manifestado na última semana**, o consumo centrase principalmente nos venres e sábados e o tipo de bebida máis consumida seguen sendo as bebidas destiladas, e como se manifestou con anterioridade as cantidades aumentan ca idade.




Dos/as **manifestaron consumir algunha vez alcohol**, a maioría manifesta que se emborrachou nalgunha ocasión, aumentando as porcentaxes tamén ca idade. En 2º de ESO a metade responde afirmativamente, en 4º a porcentaxe aumenta ata a terceira parte e nos CM chega a un 82 % do alumnado.



Respecto os que se emborracharon polo menos algunha vez nos últimos 30 días, a maioría fíxoos de 1 a 5 veces nos tres tramos de idade, observándose as porcentaxes máis altas nos grupos de máis idade. Un dato a destacar é que o alumnado de 4º de ESO comparativamente cos outros tramos de idade emborracháronse un maior número de veces.

Cannabis



En relación ó consumo de haxix e/ou marihuana a tendencia de consumo, algunha vez na vida, é similar a de tabaco e alcohol, aumentando ca idade aínda que o número dos/as que o fan é menor. Un dato a ter en conta é que nos CM case a metade dos rapaces/as consumiu nalgunha ocasión cannabis.



Dos/as que manifestaron consumir nalgunha ocasión haxix/marihuana nos últimos 30 días non o fixeron un 48% en 4º, un 39% en 2º de ESO e un 35% nos CM.

En relación o número de días que consumiron no último mes atópanse diferenzas. En 2º de ESO as porcentaxes máis altas atópanse nas frecuencias máis altas (10-19 días e > 20 días). Sen embargo, en 4º de ESO e CM as máis altas danse na frecuencia de consumo máis baixa (1-2 días).

Outras drogas

Sustancia	Frecuencia	2º ESO	4º ESO	CM
COCAÍNA	Algunha vez	1,24	3	11,58
	Últimos 12 meses	0,41	1,29	4,21
	Últimos 30 días	-	0,43	4,21
DROGAS DE SÍNTESI	Algunha vez	0,41	1,29	3,16
	Últimos 12 meses	0,41	1,29	2,10
	Últimos 30 días	0,41	0,86	1,05
ANFETAMINAS	Algunha vez	0,41	2,57	3,16
	Últimos 12 meses	0,41	1,72	1,05
	Últimos 30 días	-	1,72	1,05
Consumo de outras sustancias e frecuencia				

En relación ó consumo doutras sustancias, tales coma cocaína, drogas de síntese e anfetaminas, as porcentaxes son pequenas, sobre todo en relación as sustancias antes analizadas (alcohol, tabaco e cannabis); sendo a cocaína a que presenta maiores consumos.

Se analizamos por tramos de idade:

- Nos CM atópanse as maiores porcentaxes de consumo nas tres sustancias.
- En 4º de ESO as sustancias consumidas algunha vez con porcentaxes máis altas son a cocaína seguida das anfetaminas.
- En 2º de ESO a máis consumida é a cocaína. Nas drogas de síntese e anfetaminas as porcentaxes son iguais.

5. Conclusións

Os datos atopados nas tres escalas seguen unha **mesma tendencia en relación a actitudes, intencións de consumo e consumo manifestado nas diferentes sustancias**. Xa que as sustancias nas que o alumnado presenta actitudes “positivas” (drogas legais) e manifesta intencións de consumilas no vindeiro ano son as que presentan unhas porcentaxes de consumo maiores.

A sustancia máis consumida nos tres grupos de idade é o alcohol, seguida do tabaco e do cannabis. Noutras sustancias como a cocaína, drogas de síntese e anfetaminas ó consumo manifestado é moi baixo. Esta tendencia aparece nos tres tramos de idade onde aparece unha progresión tanto nas intencións futuras de consumo coma no consumo manifestado das distintas sustancias.

Nos datos institucionais que nos proporciona a enquisa ESTUDES² aparece a mesma tendencia: as drogas máis consumidas son o alcohol, tabaco e cannabis e o consumo do resto de sustancias é máis minoritario. Tamén a proporción de consumidores/as das distintas drogas aumenta progresivamente ca idade.

Aínda que, se debe ter en conta, que a citada enquisa é moito máis ampla e detallada e a mostra tamén, en relación tanto ó ámbito poboacional (mozos/as de 14 a 18 anos que cursan estudos de 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelatos e Ciclos Formativos de Grado medio de Formación Profesional) como o tamaño da mostra (857 centros educativos e 31.967 alumnos/as), os datos que esta proporciona poden servir para facer ter unha referencia nas prevalencias e tendencias de consumo na mocidade española e poder facer unha comparativa das mesmas.

En relación o **alcohol**, aínda que a maioría manifesta actitudes negativas en canto á asociación do consumo con características positivas (diversión e atractivo) as porcentaxes non son altas coma noutras sustancias. Isto pódese relacionar con que na escala de intencións de consumo é a sustancia con porcentaxes máis altas na probabilidade de consumo no vindeiro ano e en consumo manifestado nos tres tramos de idade, cunha progresión conforme avanza a idade (consumo algunha vez na vida: 2º ESO: 42%, 4º ESO: 75% e CM: 93%).

O tipo de bebida máis consumida son as destiladas (“copas/chupitos”) e o consumo concéntrase no fin de semana (venres e sábado).

Outro dato a destacar é que do alumnado que manifestou consumir algunha vez alcohol, máis da metade emborrachouse nalgunha ocasión, porcentaxe que aumenta tamén ca idade.

² Enquisa Estatal sobre Uso de Drogas en Estudantes de Ensinanzas Secundarias 2010-2011 (ESTUDES). Plan Nacional de Drogas (para máis información: <http://www.pnsd.msc.es/Categoria2/observa/estudios/home.htm>)

A nivel nacional a proporción de estudantes que manifestaron consumo algunha vez na vida en distintas idades é: 14 anos: 49%, 16 anos: 81% e 18 anos: 88%. O consumo tamén se concentra no fin de semana, sendo as bebidas destiladas, en forma de combinados/copas, a preferida. E relación as “borracheiras”, máis da metade manifestou emborracharse algunha vez. Os datos son similares entre as dúas mostras.

O **tabaco** é a segunda sustancia máis consumida (consumo na actualidade: 2º ESO: 10%, 4º ESO: 16% e CM: 36%). O que concorda cas actitudes que manifestan e cas intencións de consumo, nas que se atopa tamén unha progresión en relación á idade e consumo.

En relación a cantidade de cigarros consumidos ó día a maioría consume ó redor de 1 a 10 cigarros. Outro dato interesante é que unha alta porcentaxe dos/as que manifestan fumar, plantexaronse deixalo e tentaron deixar o hábito (tentárono: 2º ESO: 61%, 4º ESO: 49% e CM: 32%).

Os datos a nivel nacional no caso de consumo de tabaco son tamén similares. Despois do alcohol e a droga máis consumida, sobre todo entre o alumnado de maior idade (38% fumou algunha vez na vida) e a maioría dos/as que fuman plantexouse deixalo nalgunha ocasión (65%).

En relación ó **cannabis** é a droga ilegal máis consumida con bastante diferenza respecto ás demais (cocaína, drogas de síntese e anfetaminas). A tendencia de consumo é igual que nas drogas legais, pero cunhas porcentaxes de consumo menores (consumo algunha vez na vida: 2º ESO: 7%, 4º ESO: 20% e CM: 48%; cunha media de: 25%).

A nivel nacional o cannabis tamén é a sustancia ilegal máis consumida, cunha porcentaxe de consumo algunha vez na vida similar (26%).

Noutras **sustancias ilegais** non se indican intencións de consumo significativas e o que concorda co consumo manifestado nas distintas sustancias. A sustancia máis consumida é a cocaína cunha media de algunha vez na vida de 5%. Nesta apréciase un consumo máis alto nos CM cunha porcentaxe do 12%. O consumo de anfetaminas e de drogas de síntese é similar algunha vez na vida, aínda que as primeiras presentan unha prevalencia media algo superior (anfetaminas: 2,% e drogas de síntese: 1,6%).

A cocaína é despois do cannabis tamén a droga ilegal máis consumida pola mocidade española, case un 4% probouna algunha vez na vida. En relación as drogas de síntese a prevalencia, algunha vez na vida, é de 2,5% e nas anfetaminas dun 2,6 %.

Destas cifras podemos concluír, que se tratan de consumos máis ben de tipo esporádico.

Como conclusión, destacar o consumo case xeneralizado do alcohol entre a mocidade o que concorda con outros estudos realizados nestes últimos anos que indican que o patrón de

consumo de alcol en mozos/as cambiou. A idade de inicio baixou e a cantidade media consumida semanalmente subiu, centrándose o consumo nos fins de semana, co consecuente aumento de condutas de risco baixo os efectos do alcohol: a condución de vehículos, relacións sexuais non protexidas, pelexas,

Isto débenos facer reflexionar, xa que existe unha actitude contraditoria por parte das institucións e os medios de comunicación: por un lado inflúese na poboación sobre as consecuencias negativas do abuso das sustancias legais. E por outro lado, a publicidade e algúns contidos televisivos reflecten unha imaxe relacionada co atractivo, provocación, erotismo e xuventude.

Á accesibilidade da mocidade á hora de conseguir estas sustancias incrementouse nos últimos anos e o consumo cada vez está mais normalizado, sobre todo en relación ó alcohol, aínda que os mitos asociados ó consumo das sustancias están a diminuír. Un dos principais factores que está a influír no consumo abusivo de alcohol na mocidade é que non cren que realmente sexa un problema pola normalidade e apego na nosa cultura. Isto podería explicar que, a pesares das numerosas campañas, actividades e medidas legais en relación á prevención, non impactaron nin calaron como ocorreu noutras sustancias, coma o tabaco.

Este problema débese abordar dende diferentes campos de intervención (educativo, familiar, social e legal) cun plantexamento a medio e longo prazo que implique un cambio na percepción que ten a sociedade en xeral, non só a mocidade, dos efectos e riscos do consumo de alcohol.

6. Anexos

ESCALA DE INTENCIÓNS DE CONSUMO

CURSO :.....

SEXO: Home [] Muller []

¿Ata que punto é probable que consumas cada unha das drogas seguintes no próximo año a partires de agora?:

	Moi probable	Probable	Non estou seguro/a	Improbable	Moi improbable
A) Cigarros					
B) Bebidas alcohólicas					
C) Haxix ou marihuana					
D) Anfetaminas					
E) LSD ou outro alucinóxeno					
F) Crack					
G) Cocaína					
H) Éxtase					
I) Tranquilizantes ou sedantes (sen receita médica)					

ESCALA DE ACTITUDES ÁS DROGAS LEGAIS (FAD, 2005)

A continuación encontrarás unha serie de frases. Le atentamente cada unha delas e sinala se estás de acordo o non:

	Totalmente en des acordo	En des acordo	Non sei dicir	Totalmente de acordo	Totalmente de acordo
1) É agradable fumar un cigarro de vez en cando	1	2	3	4	5
2) Debería prohibirse fumar en case todos os lugares	1	2	3	4	5
3) Si unha persoa fuma resulta máis atractiva	1	2	3	4	5
4) Beber alcol fai que una festa sexa máis divertida	1	2	3	4	5
5) Deberían facerse leis máis duras para prohibir o consumo	1	2	3	4	5
6) Se bebes alcohol resultas máis interesante para os/as demais	1	2	3	4	5

ESCALA DE CONSUMO DE DROGAS (FAD, 2005)

CURSO:.....

SEXO: Home [] Muller []

Vas a atopar algunhas preguntas acerca de temas como o tabaco, o alcol ou as drogas ilícitas. Debes contestar sinceramente. No esquezas que as túas respostas serán **sempre anónimas** e non poderá saberse de ningunha maneira a quen corresponden.

1) ¿FUMAS TABACO?:

[] Nunca fumei

[] Só o probei

[] Fumei algunha vez cigarros, pero só algúns na miña vida.

[] Fumaba, pero xa o deixei.

[] Fumo na actualidade. Neste caso, contesta estas dúas preguntas:

a) ¿Con que frecuencia fumaches cigarros nos últimos 30 días?:

- Nunca
- Menos dunha vez á semana
- Algunha vez á semana, pero non diariamente
- Diariamente (Indica cantos cigarros Ó DÍA, aproximadamente): _____

b) Si fumas actualmente, ¿Pensaches algunha vez deixar de fumar?:

- Si, e intenteino
- Si, pero non o intentei
- Non

2) ¿TOMACHES ALGUNHA VEZ ALCOL (cervexa, viño ou licores)? (contesta NON si só deches un sorbo ou probaches a bebida de outra persoa):

- Non (neste caso, non sigas respondendo e vai directamente á pregunta 10)
- Si

3) ¿TOMACHES ALGO DE ALCOL NOS ÚLTIMOS 30 DÍAS? (contesta NON si só deches un sorbo ou probaches a bebida de outra persoa):

- Non (neste caso, non sigas respondendo e vai directamente á pregunta 8)
- Si

4) ¿CANTAS CERVEXAS TOMACHES NOS ÚLTIMOS 30 DÍAS?:

- Ningunha
- Unha
- Entre 2 e 10 cervexas. Neste caso: ¿Cantas? _____
- Máis de 10 cervexas. Neste caso: ¿Cantas? _____

5) ¿CANTOS VASOS DE VIÑO TOMACHES NOS ÚLTIMOS 30 DÍAS?

- Ningún
- Un
- Entre 2 e 10 vasos de viño. Neste caso: ¿Cantos? _____
- Máis de 10 vasos de viño. Neste caso: ¿Cantos? _____

6) ¿CANTAS COPAS, CHUPITOS (licor, ron, xenebra, whisky, cubatas, etc...) TOMACHES NOS ÚLTIMOS 30 DÍAS?:

- Ningunha
- Unha
- Entre 2 e 10 copas/ chupitos. Neste caso, ¿Cantas? _____
- Máis de 10 copas/chupitos. Neste caso, ¿Cantas? _____

7) SINALA CANTAS CERVEXAS, VIÑO OU COPAS BEBICHES DURANTE A SEMANA PASADA? (Nos días en que non beberas nada escribe cero):

	Cervexas	Vasos de viño	Copas/chupitos
Luns			
Martes			
Mércores			
Xoves			
Venres			
Sábado			
Domingo			

8) ¿EMBORRACHASTETE ALGUNHA VEZ?:

No Si

9) ¿CANTAS VECES EMBORRACHACHES NOS ÚLTIMOS 30 DÍAS? (Se non te emborrachaches, escribe cero):

Emborracheime _____ veces.

10) ¿CONSUMICHES ALGUNHA VEZ HAXIX OU MARIHUANA?

No

Si. Neste caso, contesta a esta pregunta:

Nos últimos 30 días ¿Cantos días consumiches haxix ou marihuana?:

Nunca

1 a 2 días

3 a 5 días

6 a 9 días

10 a 19 días

20 días ou máis

11) ¿CONSUMICHES ALGUNHA DAS SEGUINTES DROGAS?:

DROGAS	Algunha vez na túa vida	Nos últimos 12 meses	Nos últimos 30 días
COCAÍNA	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
ÉXTASIS / D. SÍNTESIS	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
SPEED O ANFETAMINAS	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non